



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**Paneles de mobilidade**

Estamos a recibir diversas informacións respecto ás actuacións que vai a levar a cabo a Administración en relación a la sentencia da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional do 5 de xuño de 2018 que afecta ao Panel de Axentes de Vixilancia Aduaneira do ano 2016. Os procedementos de mobilidade levados a cabo polo procedemento de Panel baséanse no Acordo asinado entre a AEAT e algunhas organizacións sindicais no ano 2014.

- Desde a **CIG** pedimos que a AEAT e os sindicatos firmantes asuman a súa responsabilidade en busca dunha solución inmediata para os afectados do Panel de Axentes de Vixilancia Aduaneira. Non nos cabe na cabeza que a AEAT se lle ocorra mandar, dous anos despois, aos adxudicatarios ao seu destino inicial.

Tede por seguro que desde a **CIG** pediremos en todas as instancias posibles que isto se solucione canto antes. E non sería nada extrano pois hai moitos precedentes: non é a primeira vez que xudicialmente se botan abaixo concursos, ou mesmo paneles (acordádevos do Panel do CTH do 2012) no que o Departamento de RR.HH. buscou solucións para que os adxudicatarios non tiveran que volver aos seus postos.

- Non asumimos tampouco que á AEAT se lle ocorra ofertar prazas en Galicia ás novas promocións mentres hai compañeiros xa prestando servizos nesta casa que levan máis de dez anos no “exilio”. Iso é intolerable, e desde logo é unha mostra máis dos pésimos xestores de RR.HH. e a pouca empatía que teñen co seu persoal.
- Entendemos tamén que o sistema de Panel é “cómodo” para a AEAT pero non pode ser o único sistema de mobilidade. Iso foi o que levou a que se presenten recursos por aqueles que se consideran agraviados por este único xeito de mobilidade. Que houbera algunha sentenza en contra dun panel era algo que se vía vir e así o advertimos en numerosas ocasións á RR.HH.

En conclusión, á Dirección de RR.HH ten que pensar no seu persoal e non castigar a todos os traballadores porque haxa alguén que faga uso, pois no seu dereito está, da xustiza para facer valer as súas pretencións.

O día 22 deste mes estamos convocados a unha xuntanza co Director de RR.HH, tede por seguro que lle pediremos que se busque unha solución de xeito inmediato a este despropósito.